

Concello de Viveiro

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL, CON CARÁCTER TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DA XUNTA DE GALICIA DE FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS AO AMPARO DA RESOLUCIÓN DO 05 DE MAIO DE 2022 POLA QUE SE LLE CONCEDEN AO CONCELLO DE VIVEIRO 6 PRAZAS DE SOCORRISTAS PARA O ANO 2022.

1.-OBXETO DA CONTRATACIÓN.

Por parte do concello de Viveiro vaise proceder á contratación de 6 traballadores para a prestación de servizos de competencia municipal;

VIXIANCIA (SOCORRISTAS).

A totalidade dos contratos encádranse na subvención concedida ao Concello de Viveiro pola Consellería de Emprego e Igualdade ao amparo da O ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351A), por un importe total de 20.447,76, €.

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de 6 traballadores, a xornada completa cunha duración de dous meses, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante contratación temporal ao amparo da ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351A).

2.- CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS.

A.- Socorristas

Prazas a convocar: 6 prazas de socorristas.

Para o exercicio profesional do socorrismo acuático na Comunidade Autónoma de Galicia será necesario que o/a profesional acredite a inscrición no correspondente Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia presentando a preceptiva declaración responsable e que dispoña da correspondente habilitación profesional.

Duración do contrato: 2 meses

Grupo de cotización 5

Tipo de contrato: contrato temporal (contrato temporal **para a mellora da ocupabilidade modelo 405/505.**) coas cláusulas específicas de contratos para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral.

Xornada de traballo: traballo a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos.

3.-REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Para seren admitidos na convocatoria os aspirantes ademais dos requisitos establecidos nas bases xerais deberán:

- Cumprir coa normativa vixente en materia de formación mínima e rexistro que se fixa para os socorristas acuáticos de Galicia.
- Presentar a certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais, cos



Concello de Viveiro

demais documentos requeridos na base 13 das bases xerais no momento de incorporarse ao posto de traballo, segundo a Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección a infancia e a adolescencia, este certificado será de obrigada presentación para o acceso ao posto de socorrista.

- Estar desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego (tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal).

Coñecemento da idioma galego: **CELGA 2.**

Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA

María Loureiro García

(Documento asinado dixitalmente a marxe)

